

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2015

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, a través do Consejo General de Colegios Oficiales de Psicólogos, en colaboración coa Correduría de Seguros Broker's 88 negociou xa fai uns anos, coa Aseguradora ZURICH un seguro colectivo de Responsabilidade Civil Profesional para os psicólogos e psicólogas ao que se podían incorporar os membros deste Colexio Oficial.

Este ano produciuse unha nova revisión e renovación deste convenio no que se acadaron melloras nas condicións e coberturas do mesmo. A todos aqueles colexiados e colexiadas que xa tiñan contratado o Seguro de Responsabilidade Civil Profesional indicarlle que desde Broker's 88 procederán a renovación automática do seguro de responsabilidade civil coas novas vantaxes.

As melloras producidas, a grandes trazos, son as que seguen:

- Aumento da cobertura de responsabilidade civil profesional a 600.000€. (Anteriormente había dúas opcións que variaba segundo o prezo).
- Inclusión da responsabilidade civil por protección de datos persoais cunha cobertura de 300.000€. (Anteriormente esta opción era optativa).
- Os profesionais xubilados teñen unha nova cobertura especial. Anteriormente, os colexiados e colexiadas xubiladas debían facer fronte a unha prima extra do 10% que foi suprimido.

Aquelas colexiadas e colexiados que pasen á condición de xubilados, e estiveran asegurados, terán dereito ás distintas coberturas da póliza sen custo adicional algún; para isto teñen que estar xubilados e non realizar ningunha actividade como profesional da psicoloxía.

É preciso aclarar que a póliza de responsabilidade civil profesional non é nunca "causa efecto", é dicir, pode chegar unha reclamación con unha posterioridade de cinco ou máis anos respecto ao feito reclamable, polo que é obrigatorio que exista cobertura aínda que non se estea traballando.

En canto ao procedemento de notificación do inicio de período de xubilación, o psicólogo ou psicóloga terá que notificalo ao Colexio e a Broker's 88 para que se transmita á compañía de ZURICH.

- Reducción na cota anual. A cota anual queda establecida para este ano 2015 en 10€.

A continuación detallamos un cadro con algunhas das coberturas de este seguro:

**Concepto**

**Cobertura**

Responsabilidade civil de explotación	600.000 €
Responsabilidade civil profesional	600.000 €
Responsabilidade civil patronal	Incluída
Defensa xurídica , Prestación de fianzas xudiciais	Incluída
Responsabilidade Civil de Mediación	Incluída
Responsabilidade civil locativa	Incluída
Danos a documentos de terceiros	60.000 €
Danos a documentos primarios	Incluída
Subsidio máximo mensual por inhabilitación profesional	1.200 € (18 meses)
Protección de datos persoais	300.000 €
Sublímite de indemnización por vítima - RC patronal	150.000€
Franquicia RC danos patrimoniais primarios e danos a documentos a terceiros	300€
Franquicia para a cobertura RC protección de datos persoais	6.000€
Retroactividade ilimitada	Incluída

Se desexas obter máis información ao respecto Broker's 88 pon a vosa disposición un servizo de atención multicanle (división Psicoloxía) a través do teléfono 915 973 035, do fax 915 970 631, e nos correos electrónicos [infopsicologos@brokers88.es](mailto:infopsicologos@brokers88.es) e [madrid@brokers88.es](mailto:madrid@brokers88.es) ou na súa páxina web [www.broker.es](http://www.broker.es).